



DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2025/G010/000002

Expediente núm.: 2025/G003/000080

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias plenarias, que deberán celebrarse cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

E considerando que no acordo aprobado polo Pleno da Corporación municipal na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023, sobre a fixación da periodicidade de sesións plenarias, entre outros, facultouse ao alcalde para, previa a consulta aos voceiros dos grupos políticos municipais, pospoñer ou avanzar a celebración das sesións ordinarias do Pleno, dentro do mes da súa celebración, cando a data fixada sexa festivo, se atope incluído nun período vacacional ou concorran outras circunstancias que así o aconselle.

E realizada a consulta á voceira do grupo m. do PP mediante escrito con rexistro de saída núm. 20240000005439 do 17 de decembro de 2024.

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **31 DE XANEIRO DE 2025 (VENRES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

ORDE DO DÍA	
1	<p>PARTE RESOLUTIVA</p> <p>1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:</p> <ul style="list-style-type: none">- ORDINARIA: núm. 2024/12, do 22 de novembro de 2024- EXTRAORDINARIA E URXENTE: núm. 2025/01, do 10 de xaneiro de 2025 <p>1.2.-PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Expte núm: 2024/A003/000119 Asunto: aprobación participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+25 da Deputación provincial da Coruña</p> <p>1.3.- MOCIÓNS</p>
2	<p>PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)</p> <p>2.1.- MOCIÓNS</p> <p>2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA: do 1728/2024, do 11 de novembro de 2024 ao 2006/2024, do 30 de decembro de 2024 (ambos inclusive) e do 01/2025, do 31 de decembro de 2024 ao 47/2025, do 17 de xaneiro de 2025; ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS: núm. 2024/21, do 26 de novembro de 2024; núm. 2024/22, do 10 de decembro de 2024; núm. 2024/23, do 23 de decembro de 2024; núm. 2025/01, do 14 de xaneiro de 2025.</p> <p>2.3.- ROGOS E PREGUNTAS</p>



De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Pleno do Concello para a súa aprobación:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑOZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO



FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde accidental
(P. Dalc. núm. 53/2025 do 21/01/2025)

Pablo Negreira Souto

Dou fe, a secretaria xeral

Cristina Alonso Losada